

Contidos e estrutura do plan de investigación

Con carácter xeral, o traballo presentado polo/a doutorando/a deberá incluír os seguintes apartados. Se o tema e os obxectivos do traballo o aconsellan, admitiranse variacións respecto desta estrutura, sempre que estean debidamente xustificadas. As seccións marcadas con negriña (obxectivos, metodoloxía, medios e planificación temporal) son estritamente obrigatorias e deberán incluírse en calquera caso:

1. *Título*.
2. *Resumo*. Descrición breve (unhas 200 palabras) dos obxectivos do proxecto e a metodoloxía empregada para o seu desenvolvemento en galego, español e inglés.
3. *Índice* paxinado [do plan de investigación].
4. *Antecedentes e estado da cuestión*. Descrición concisa do estado actual de coñecemento do tema, incluíndo as referencias bibliográficas máis relevantes.
5. *Hipóteses do traballo*. Problema ou argumentación que se quere responder, estudar ou analizar.
6. ***Obxectivos*** que se pretenden acadar, finalidade e metas concretas do estudo. Cómpre discriminar entre obxectivos xerais e/ou específicos.
7. ***Metodoloxía***: Definición dos conceptos máis relevantes para o traballo e introdución epistemolóxica, ferramentas de análise, métodos e procedementos de obtención, análise e tratamento de datos, variables concretas da investigación e, se proceder, criterios de selección dos suxeitos e/ou da elaboración ou selección do corpus, limitacións metodolóxicas do estudo, etc. (este apartado debe facerse coa máxima explicitación posible).
8. *Esquema xeral* (posible estrutura en capítulos e principais epígrafes do traballo que se vaia realizar).
9. ***Medios e recursos*** dispoñibles ou dos que se vai dispor.
Esta sección pode incluír os seguintes subapartados:
 - a. Centro/s de realización e grupo/s de investigación no/s que se desenvolve a tese.
 - b. Estadías programadas noutros centros de investigación.
 - c. Recursos materiais: infraestrutura (centros ou laboratorios onde se desenvolve o estudo), aparatos, material funxible.
 - d. Financiamento (se for pertinente, indicarse se o estudo se realiza con cargo a un proxecto ou conta con outra fonte de financiamento. Tamén se sinalará se o estudante dispón dalgunha bolsa ou contrato, especificando a convocatoria e duración da mesma, así como o organismo que os financia).
 - e. Outros recursos.
10. ***Planificación temporal***
 - a. *Plan de traballo*, para alcanzar os obxectivos da tese. Incluirase un cronograma do tempo total aproximado que durará a elaboración da tese (3 anos TC, 5 anos TP).
 - b. *Planificación doutras actividades* que se pretenden desenvolver nos estudos de doutoramento.
11. *Outros aspectos* (opcionais).
12. *Referencias bibliográficas* dos estudos citados no traballo e (en sección á parte) daquelas referencias bibliográficas que se consideran fundamentais para a elaboración da tese.
13. *Anexos*. Pódense incluír ao final do traballo documentos, mostras de datos recollidos, análises preliminares, etc., que permitan avaliar con precisión o traballo desenvolvido e o estudo que se pretende realizar.

Na primeira páxina deberán figurar os datos identificativos do plan e o visto e prace do titor e o director.

A memoria terá unha extensión total aproximada de 15-20 páxinas (sen incluír a bibliografía nin os anexos) e deberá axustarse ás normas de estilo para libros e revistas de lingüística propostas por algunha editorial de prestixio.

Lémbrese que o plan de investigación debe fornecer unha idea moi clara, precisa e concreta do que se pretende desenvolver na tese de doutoramento e de como se pensa levar a cabo.